



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO, POLA QUE SE ADOPTAN MEDIDAS DE ADAPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE PERCEBE A PÉ, DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE A GUARDA

ANTECEDENTES

1. O día 30.09.2021 a Confraría de Pescadores da Guarda presentou proposta de plan de xestión de percebe a pé, propoñendo reservar zonas concretas para a extracción da semente de mexillón como medida para garantir a protección do percebe no ámbito do plan (PE410A 2021/35-5).

2. O día 09.11.2021, o equipo técnico do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), emitiu o Informe técnico-biolóxico CIMA-RM2 2021/02 *"Información técnica de apoio para avaliar o criterio de proporcionalidade nas propostas de zonas de reserva para a extracción de mexilla en plans de xestión de percebe"* (Parada, J.M. & No Couto, E., 2021), realizado co obxectivo de servir como ferramenta de axuda ao persoal técnico da Consellería do Mar encargado de avaliar as delimitacións de aproveitamento presentadas polas confrarías nas propostas de plan de xestión de percebe, de forma que nas condicións de aprobación destes se procurara acadar o obxectivo da indicada proporcionalidade.

3. Esta Xefatura Territorial instruíu a proposta presentada pola entidade, someténdoa aos informes técnicos pertinentes e avaliándoa, elevando posteriormente a súa avaliación á Dirección Xeral competente en materia de marisqueo e outorgou o trámite de audiencia á entidade para efectuar alegacións. Finalmente, a Dirección Xeral competente en materia de marisqueo, logo de audiencia aos interesados, determinou as medidas reguladoras da actividade marisqueira e propuxo a aprobación do plan de xestión de percebe a pé da Confraría de Pescadores da Guarda.

4. A Orde do 22 de decembro de 2021 aprobou, no seu artigo 2, os plans de xestión de percebe para o trienio 2022-2024 nos que se inclúen zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón (ZEM) e zonas de explotación exclusiva de percebe (ZEP) e as coordenadas xeográficas delas que se relacionan no cadro B. Os mapas destas zonas no ámbito territorial do plan de xestión publicáronse na páxina web https://www.pescadegalicia.gal/gl/zonasreservamexilla_zonasexclusivaspercebe.

5. O día 25.01.2023 o CIMA emite *"Informe técnico sobre o cálculos de proporción de lonxitudes de costa, dispoñibilidade e cobertura media de mexilla segundo propostas de zonificación, en plans de xestión de percebe"* no que se fai un novo cálculo das lonxitudes de costa, dispoñibilidade e coberturas medias de mexilla.

6. As circunstancias excepcionais que están a suceder na presenta campaña de recollida de mexilla, que traen como consecuencia a escaseza da mesma nas rochas, provocou que o período inicial de extracción previsto non resultara o suficientemente produtivo, polo que o día 07.02.2023, a DXPAIT, mantivo unha xuntanza co sector bateeiro para analizar e informar dos avances sobre as propostas de apertura de novas zonas para a extracción de mexilla e o día 08.03.2023, nunha nova xuntanza, procedeu a analizar co sector bateeiro presente as propostas formuladas, cuestión que se analizou tamén coas federacións de confrarías cuxos termos xeográficos coinciden cos habilitados para a extracción de mexilla.

7. O día 10.02.2023 o CIMA emite o informe técnico: *Cálculos de proporción de lonxitude de costa, dispoñibilidade e cobertura media de mexilla segundo propostas de zonificación, en plans de xestión de percebe. Modificación do informe 25/01/2023* (Edgar No Couto).



8. O día 10.03.2023 o Patrón Maior da Confraría de Pescadores da Guarda presenta unha proposta de modificación da zona ZEP do plan de percebe a pé desta Confraría, pola que se reduce (aprox. 1430 m.) a zona 8: de Portiño do Carruallo (incluído) a Punta dos Picos. A nova zona 8 proposta sería: de Pedra da Roda (excluída) ao Sur da Pedra das Fanecas.

ZONA ZEP	UTM - X	UTM - Y
De Pedra da Roda (excluída) ao Sur da Pedra das Fanecas	509710	4636782
	510212	4635801

9. O día 10.04.2023 o Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica solicitou a esta Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo a emisión de informe técnico sobre a procedencia de revisión de zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón e zonas de explotación exclusiva de percebe, en determinadas áreas sinaladas en plano que acompaña á solicitude, do ámbito do plan de xestión de percebe desa Confraría, así como, se procede, a adaptación das medidas conforme a dita proposta, en base ao artigo 21.1 do Decreto 153/2019.

10. O día 13.04.2023 emítese novo informe do CIMA: *Cálculos de proporción de lonxitude de costa, dispoñibilidade e cobertura media de mexilla segundo propostas de zonificación, en plans de xestión de percebe* (Edgar No Couto).

11. O día 13.04.2023 a Xefatura de Sección de Coordinación Técnica da Consellería do Mar en Vigo, emite informe sobre a solicitude da DXPAIT, en base aos novos cálculos do CIMA. Indica que, segundo os datos da ftp.intecmar.gal, no plan de xestión de percebe a pé, en 2022 extraéronse 13.563,20 kg de percebe (335.284,08 €) en 133 días de extracción (CPUE de 3,53 kg/persoa/día e prezo medio de 24,72 €/kg). Respecto dos datos da zona C (onde está a ZEP 8 proposta para o cambio) houbo 46 días traballados (34,59% do total) e 4.309,5 kg extraídos (31,77% do total) cunhas ganancias de 111.609,94 € (33,29% do total).

12. O día 13.04.2023, esta Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo ditou Resolución acordando o inicio do procedemento de adaptación de medidas do Plan de xestión de percebe a pé da Confraría de Pescadores da Guarda e a súa tramitación pola vía de urxencia, de conformidade co establecido no artigo 33 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e cos efectos previstos no citado artigo.

13. O día 14.04.2023 o Subdirector Xeral de Pesca, emite informe de valoración socioeconómica do Plan de xestión de percebe a pé da Confraría de Pescadores da Guarda; estima un 4% de incremento da lonxitude da zona ZEM e un 5% do incremento da dispoñibilidade de mexilla (respecto á superficie total do plan de xestión de percebe a pé da Confraría da Guarda: 20.705 m), non existindo modificacións no promedio de cobertura (32%). Respecto da campaña de extracción de mexilla 2020-2021, para o ámbito territorial da Confraría da Guarda, estímase a recollida de 30.179 kg (1,30% da mexilla total extraída en Galicia), de acordo cos datos recibidos no Servizo de Análise e de Rexistros.

O lixeiro incremento da porcentaxe de superficie e dispoñibilidade non desbota a posibilidade de extracción de percebe nesta área, ao igual que se realiza noutras zonas de extracción de mexilla.

14. O día 14.04.2023, a Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo envioulle unha proposta á Confraría de Pescadores da Guarda. Nesta proposta outorgoulle un prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións.

15. O día 21.04.2023 a Confraría de Pescadores da Guarda presenta alegacións a esta proposta.





16. O día 21.04.2023, a Xefa Territorial da Consellería do Mar en Vigo solicita, á Xefatura de Sección de Coordinación Técnica e á Subdirección Xeral de Pesca informe sobre as alegacións presentadas pola Confraría de Pescadores de Baiona.

17. O día 24.04.2023 a Xefatura de Sección de Coordinación Técnica e a Subdirección Xeral de Pesca emiten os informes correspondentes.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Os plans de xestión son instrumentos cuxa aprobación corresponde á Consellería competente en materia de pesca, previa audiencia do sector afectado, a través dos cales se regulan as medidas técnicas, os horarios e o réxime de calamento das artes de pesca e do marisqueo. Estes plans, que poderán ser elaborados a proposta das entidades asociativas do sector, poderán incluír tamén limitacións de capturas, capacidade e esforzo pesqueiro (art. 7.2 da Lei 11/2008 de Pesca de Galicia).

O art. 6 da Lei indica que a adopción de medidas restritivas orientadas á recuperación dos recursos farase de xeito gradual, procurando minimizar os posibles desequilibrios socioeconómicos que poidan derivar da súa adopción.

Na mesma liña, o artigo 2 da Lei establece que: *"A política pesqueira galega ten por finalidade a viabilidade duradeira do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego, garantindo a mellora das condicións de vida e traballo das persoas que se adican a estas actividades mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais"*.

2. O art. 4.3 do decreto 153/2019, do 21 de novembro desenvolve esta previsión legal, dentro do contexto dunha disposición xeral cuxo obxecto é a regulación do réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia (art. 1) e a súa finalidade é establecer un réxime de conservación e explotación é garantir unha xestión sustentable dos recursos marisqueiros tendo en conta aspectos ambientais, económicos, sociais e de emprego.

3. A explotación de percebe realízase no marco de plans de xestión dentro dun ámbito territorial coa posibilidade, establecida no artigo 13.2 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, de que os plans podan reservar zonas de extracción para a semente de mexillón. Esta medida responde á necesidade de protección e conservación do percebe en zonas concretas do ámbito do plan, ante a realidade da coexistencia de percebe e semente de mexillón nos bancos naturais, supoñendo que pode haber zonas nas que se poderá extraer percebe e semente de mexillón, e outras zonas nas que só se poderá extraer percebe.

4. A Circular MA-03-2021 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro relativa ás zonas de reserva para extracción da semente de mexillón nos plans de xestión de percebe para o trienio 2022-2024 ten como obxectivo facilitar a presentación e avaliación das propostas de plans de xestión de percebe para este trienio.

5. A STSXG 415/2021, do 20 de setembro de 2021, rec. 4035/2020, en relación o recurso contencioso administrativo interposto por varias asociacións do sector mexilloeiro contra o Decreto 153/2019, do 21 de novembro, determina no seu fundamento de dereito sexto en relación á non vulneración do principio de proporcionalidade, que serán os plans de xestión que aprobe a Consellería, os que en cada caso teñan que valorar a proporcionalidade das medidas que nos mesmos se establezan en orde á regulación da conservación e explotación dos recursos marisqueiros. E así, nela se di, que se existe un plan de xestión, aprobado pola





Consellería, trala emisión dos correspondentes informes técnicos, no que se estableza unha determinada reserva, será ese plan de xestión o que deberá terse en conta, á hora de resolver as solicitudes dos bateiros.

6. O día 24.04.2023, a Xefatura de Sección de Coordinación Técnica da Consellería do Mar en Vigo, emite informe sobre as alegacións presentadas, do que se extrae que non existe seguimento personalizado das zonas ZEP do plan de xestión de percebe a pé coa imposibilidade de facer comparanza entre zonas ZEP e ZEM.

Este aspecto pode considerarse un incumprimento do obxectivo ecolóxico do plan: a estratexia a adoptar para acadar este obxectivo era de que ante a ausencia de datos, serían achegados no primeiro ano da explotación.

7. O día 24.04.2023, a Subdirección Xeral de Pesca emite informe socioeconómico sobre as alegacións presentadas atendendo á cobertura de aspectos económicos, sociais e de emprego. Saliéntase que a proporcionalidade da zona proposta (habilitada para o cambio de ZEP a ZEM), non está orientada tan só á lonxitude de incremento de zona ZEM, senón tamén, á presenza de cada un dos recursos obxecto de explotación na zona; có aumento dun 4% da zona ZEM, aumenta un 5% a dispoñibilidade de mexilla, manténdose a cobertura nun 32%.

8. O artigo 21.1 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, establece que *as Xefaturas Territoriais poderán adaptar medidas para favorecer o cumprimento dos obxectivos dos plans, atendendo os obxectivos recollidos no punto 1 do artigo 6 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de Pesca de Galicia, logo de consulta coas entidades titulares destes, no marco do desenvolvemento dos plans de xestión.*

O artigo 6.1 da Lei, indica que *a adopción de medidas restritivas orientadas á recuperación dos recursos farase de xeito gradual, procurando minimizar os posibles desequilibrios socioeconómicos que poidan derivar da súa adopción.*

Na mesma liña, o artigo 2 da Lei establece que: *A política pesqueira galega ten por finalidade a viabilidade duradeira do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego, garantindo a mellora das condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a estas actividades mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais.*

9. O artigo 58.3 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que as Xefaturas Territoriais adaptarán as medidas do plan de xestión, en función dos datos de seguimento dos indicadores dos obxectivos establecidos no plan, cando exista:

- a) Informe emitido por persoal técnico da Consellería.
- b) Proposta de adaptación da Xefatura Territorial á/ás entidade/s titular/es do plan de xestión.

10. Considerando que existe un conflito histórico entre as actividades extractivas destes recursos en determinadas zonas do ámbito da Confraría de Pescadores da Guarda, debido ao solapamento espacial da mexilla co percebe, adoptáronse as medidas de xestión aprobadas na Orde do 22.12.2021 declarando zonas ZEM e zonas ZEP tentando que estas medidas fosen o máis proporcionais posible, que neste plan de xestión supuxo o establecemento dunha ZEM que representaba o 73 % da lonxitude total do plan e unha dispoñibilidade de mexilla do 70 % e dunha ZEP que representaba o 27 % da lonxitude total do plan, no que quedaba un 30 % de mexilla dispoñible.

11. De acordo cos cálculos da biomasa estimada por Brea Bermejo, E., 2009 (*Cartografiado y dinámica de poblaciones de los bancos naturales de semilla de mejillón en las costas*





atlánticas gallegas) para a semente de mexillón nos ámbitos territoriais das confrarías de Pontevedra, nas que actualmente existen ZEP nos plans de xestión de percebe en vigor, para a Confraría de Pescadores da Guarda establécese un valor de biomasa total entre 262 e 426 TM de mexilla.

12. Un dos aspectos fundamentais nos que se basea a Sentenza 415/2021, do 20 de setembro de 2021 do TSXG en relación ao recurso contencioso administrativo interposto contra o artigo 13.2 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, é a non vulneración do principio de proporcionalidade. Este principio debe entenderse coma o beneficio que a restrición de zonas aporta á explotación do percebe fronte ao posible dano ocasionado ao sector mexilloeiro. Con este obxectivo restrinxíronse as zonas no marco dos plans de xestión de percebe.

Non obstante, dadas as actuais circunstancias excepcionais de escaseza de mexilla debido, entre outras cuestións, ás limitacións (non previstas no seu momento) derivadas da confluencia de condicións meteorolóxicas adversas e ás mareas de escaso coeficiente que fixeron que o período inicial de extracción previsto non resultara produtivo dabondo para a recollida de mexilla, faise necesaria unha revisión das zonas restrinxidas á súa explotación que permita salvar, de xeito temporal, o abastecemento de mexilla para a presente campaña. Deste xeito, permitírase a extracción de ambas especies (percebe e mexilla) sen que por iso se menoscaben os obxectivos establecidos nos plans de xestión trianuais de protección e conservación do percebe en zonas concretas do ámbito do plan, aínda que a súa total consecución se vexa un pouco adiada.

13. Tendo en conta a variabilidade interanual na abundancia e distribución deste tipo de recursos, co obxecto do aproveitamento e xestión sustentable destas dúas especies mariñas, a Consellería encomendou ao CIMA diferentes accións investigadoras. Entre estas accións atópase o estudo da abundancia de mexilla en outono de 2022 que utilizou un protocolo específico desenvolto no CIMA (No-Couto et al., 2022) que avalía a abundancia de mexilla e anota a presenza de percebe nas zonas que foron obxecto de visita polos seus técnicos. Os resultados deste informe (última revisión do 13 de abril de 2023) indican, respecto do plan de xestión de percebe a pé, unha variación na proporcionalidade das zonas; así a zona ZEM representa o 77 % da lonxitude total unha dispoñibilidade de mexilla do 75 % e dunha ZEP que representa o 23 % da lonxitude total do plan, no que queda un 25 % de mexilla dispoñible.

14. A Confraría de Pescadores da Guarda alega, entre outras cuestións, que *"a proposta da confraría non foi unha iniciativa do sector, nin se solicitou unha adaptación do plan motivada; a confraría mirouse obrigada a facer unha proposta de redución de zona "in extremis" como único recurso para impedir que se abrixa totalmente a zona ZEP 8"*. Tamén indica que a actuación *"levada a cabo pola Administración e traslado da proposta ten a súa máis rotunda oposición e é susceptible do correspondente reproche penal"*. Refire tamén diversos incumprimentos, respecto da actividade de extracción da cría de mexillón, e o acceso irregular dos produtores de mexillón a zonas ZEP, admitindo así a conflitividade actual na extracción de ambos recursos.

Tal e como se indica na Resolución de apertura do inicio do procedemento, esta medida de adaptación do plan de xestión, que revisa as zonas ZEP e ZEM, e que ven amparada pola STSXG 415/2021, do 20 de setembro de 2021, rec. 4035/2020, está motivada por **razóns de interese público**. Estímase que axudará a atemperar dita conflitividade na extracción de ambos recursos, mexilla e percebe, así como a garantir a coexistencia pacífica entre as dúas





actividades extractivas, dado o solapamento espacial de ambos recursos en determinadas zonas de extracción.

14. Tendo en conta:

- a) Os informes dos técnicos da Xefatura Territorial de Vigo, con base no estudo da abundancia de mexilla en febreiro e marzo de 2023 (Edgar No-Couto, 2023) sobre a revisión das zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón propostas pola DXPAIT no *Plan de Xestión de Percebe a pé*, da Confraría de Pescadores da Guarda.
- b) Os informes da Subdirección Xeral de Pesca, de valoración socioeconómica.
- c) As zonas propostas de cambio, a información aportada, as mostraxes do CIMA, os recálculos da proporcionalidade e os datos do seguimento do plan.
- d) Os obxectivos biolóxicos, ecolóxicos e socioeconómicos do plan de xestión.
- e) Razóns de interese público.

Esta Xefatura Territorial, considera axeitado o cambio de clasificación a ZEM dos tramos costeiros:

- De Portiño do Carruallo (incluído) a Pedra da Roda (incluída).
- Dende o Sur da Pedra das Fanecas a Punta dos Picos.

Deste xeito, por todo o anteriormente indicado e, de conformidade co artigo 21 do Decreto 153/2019, de 21 de novembro, esta Xefatura Territorial,

RESOLVE:

Adaptar o *Plan de Xestión de Percebe a pé da Confraría de Pescadores da Guarda*, de xeito temporal, ata o remate da presente campaña de recollida de mexilla (15.06.2023), **modificando a clasificación das zonas ZEP e ZEM**, do seguinte xeito:

1) Pasan a ser **zona ZEM**, tal e como se indica no plano que se xunta, os tramos costeiros:

- De Portiño do Carruallo (incluído) a Pedra da Roda (incluída).
- Dende o Sur da Pedra das Fanecas a Punta dos Picos.

2) A **zona ZEP 8** deste plan, quedaría delimitada:

- De Pedra da Roda (excluída) ao Sur da Pedra das Fanecas.

Así pois, na ficha do *Plan de Xestión de Percebe a pé da Confraría de Pescadores da Guarda*, onde se recollen as consideracións sobre as condicións de aprobación do mesmo, débese modificar o apartado "*Zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón*", de xeito que,

A) ONDE DÍ:

A Confraría de A Guarda dentro do plan de xestión de percebe a pé solicita as seguintes zonas para extracción exclusiva de percebe e de zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón coa finalidade de preservar o recurso e asegurar a extracción de ambas especies nas zonas en que conviven as dúas actividades:

1) Para zonas de reserva de extracción de semente de mexillón:

- Zona 1: Pedra do Porto (excluída) a A Rachada (excluída).
- Zona 2: A Laxe (excluída) a Condominguez (excluído).





- Zona 3: Pedra Chelino (excluída) a Eiriñas (excluída).
- Zona 4: Molla Cú (excluída) a Pedra do Perello (incluída).
- Zona 5: Salto da Cabra (incluído) a Pedra do Juan (incluída).
- Zona 6: Porto do Costado (excluído) a Portocelo S (excluído).
- Zona 7: Leiriñas (excluída) a Portiño do Carruallo (excluído).

2) Para a extracción exclusiva de percebe:

- Zona 1: Puntal Orelludas a Pedra do Porto (incluída).
- Zona 2: A Rachada (incluída) a A Laxe (incluída).
- Zona 3: Puntal Condomiguez (incluída) a Pedra Chelino (incluída).
- Zona 4: Eiriñas (incluída) a Molla Cú (incluída).
- Zona 5: Pedra do Perello (excluída) a Salto da Cabra (excluída).
- Zona 6: Pedra do Juan (excluída) a Porto do Costado (excluída).
- Zona : Portocelo S (incluída) a Leiriñas (incluída).
- Zona 8: Portiño Carruallo (incluída) a Punta dos Picos.

DEBE DICIR:

A Confraría de A Guarda dentro do plan de xestión de percebe a pé solicita as seguintes zonas para extracción exclusiva de percebe e de zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón coa finalidade de preservar o recurso e asegurar a extracción de ambas especies nas zonas en que conviven as dúas actividades:

1) Para zonas de reserva de extracción de semente de mexillón **(1)**:

- Zona 1: De Pedra do Porto (excluída) a A Rachada (excluída).
- Zona 2: De A Laxe (excluída) a Condomiguez (excluído).
- Zona 3: De Pedra Chelino (excluída) a Eiriñas (excluída).
- Zona 4: De Molla Cú (excluída) a Pedra do Perello (incluída).
- Zona 5: De Salto da Cabra (incluído) a Pedra do Juan (incluída).
- Zona 6: De Porto do Costado (excluído) a Portocelo S (excluído).
- Zona 7: De Leiriñas (excluída) a Portiño do Carruallo (excluído).
- **Zona 8: De Portiño do Carruallo (incluído) a Pedra da Roda (incluída).**
- **Zona 9: Dende o Sur da Pedra das Fanecas a Punta dos Picos.**

2) Para a extracción exclusiva de percebe **(1)**:

- Zona 1: De Puntal Orelludas a Pedra do Porto (incluída).
- Zona 2: De A Rachada (incluída) a A Laxe (incluída).
- Zona 3: De Puntal Condomiguez (incluída) a Pedra Chelino (incluída).
- Zona 4: De Eiriñas (incluída) a Molla Cú (incluída).
- Zona 5: De Pedra do Perello (excluída) a Salto da Cabra (excluída).
- Zona 6: De Pedra do Juan (excluída) a Porto do Costado (excluída).
- Zona 7: De Portocelo S (incluída) a Leiriñas (incluída).
- **Zona 8: De Pedra da Roda (excluída) ao Sur da Pedra das Fanecas (1).**

(1) Segundo a Resolución da Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo, de 26 de abril de 2023, de forma temporal, ata o 15/06/2023, adáptase este plan de xestión.

B) ENGADIR UN NOVO **ANEXO III** COAS NOVAS ZONAS ESTABLECIDAS DE XEITO TEMPORAL, ATA O REMATE DA CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE MEXILLA (15/06/2023):



ANEXO III. ZONAS DE RESERVA EXTRACCIÓN SEMENTE DE MEXILLÓN-ZONAS EXPLOTACIÓN EXCLUSIVA DE PERCEBE (1)

Zona reserva extracción semente mexillón- ZEM			Zona explotación exclusiva percebe -ZEP		
Zona	X	Y	Zona	X	Y
De Pedra do Porto (excluída) a A Rachada (excluída)	509274	4652540	De Puntal Orelludas a Pedra do Porto (incluída)	509132	4652706
	509341	4652408		509270	4652547
De A Laxe (excluída) a Condominguez (excluído)	509361	4651351	De A Rachada (incluída) a A Laxe (incluída)	509337	4652404
	509583	4650737		509357	4651361
De Pedra Chelino (excluída) a Eiriñas (excluída)	509626	4650492	De Puntal Domínguez (incluída) a Pedra Chelino (incluída)	509585	4650737
	509527	4649229		509624	4650518
Molla Cú (excluída) a Pedra do Perello (incluída)	509469	4648625	De Eiriñas (incluída) a Molla Cú (incluída)	509528	4649229
	509246	4647044		509478	4648629
De Salto da Cabra (incluído) a Pedra do Juan (incluída)	509266	4646798	De Pedra do Perello (excluída) a Salto da Cabra (excluída)	509234	4647037
	509367	4646167		509222	4646825
De Porto do Costado (excluído) a Portocelo S (excluído)	509345	4645907	De Pedra do Juan (excluída) ao Porto Costado (excluída)	509380	4646174
	509458	4644495		509331	4645922
De Leiriñas (excluída) a Portiño do Carruallo (excluído)	509372	4644304	De Portocelo S (incluída) a Leiriñas (incluída)	509449	4644495
	509819	4637580		509366	4644310
De Portiño do Carruallo (incluído) a Pedra da Roda (incluída) *	509819	4637584	De Pedra da Roda (excluída) ao Sur da Pedra das Fanecas *	509710	4636782
	509710	4636782		510212	4635801
Dende o Sur da Pedra das Fanecas a Punta dos Picos *	510212	4635801			
	510407	4635378			

(Coordenadas ETRS 89)

** Novas zonas establecidas de xeito temporal, ata o remate da campaña de recollida de mexilla (15/06/2023).*

(1) Medidas de adaptación, por Resolución do 26 de abril de 2023, da Xefatura Territorial de Vigo



Contra esta Resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería do Mar, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Esta Resolución notifícaselle á Confraría de Pescadores da Guarda, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A Xefa Territorial
Sonia Lorenzo Santos





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR

ANEXO

